



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tño.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán (Avda. da Mestra Vitoria Míguez 44, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 11 de febreiro de 2017

HORA DE COMEZO: 12.00 h

HORA DE REMATE: 14. 15 h

NÚM. DE ASISTENTES: 16 persoas

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Cambios de responsabilidades na Xunta Directiva
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Rosa Moreiras, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2016 ([Anexo 1](#)) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas



David Cobas explica que durante o período interasemblea 2016-2017 se rexistrou a solicitude de alta de 9 persoas. Neste mesmo período rexistráronse 9 baixas.

O número de socios/as da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), en febreiro de 2017, é de 181 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva ([Anexo 2](#)).

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período interasemblea 2016-2017 ([Anexo 3](#)).

Indica que a actividade da CTNL neste período se rexeu polas liñas de acción aprobadas por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria da coordinadora de 2016, que tivo lugar o 20 de febreiro en Santiago de Compostela.

O plan de acción aprobado era ambicioso e, aínda que non se cumpriu na súa totalidade, desde a Xunta Directiva faise unha valoración aceptable do nivel de cumprimento e dos obxectivos acadados. Desenvolvéronse as accións máis esperables da entidade (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua, formación, etc.) e as máis estabilizadas e que supoñían continuidade dos anos anteriores (colaboración con outras accións formativas, encontros, LGx15, etc.). Tamén se iniciaron outras accións que aínda non chegaron a materializarse (un manual de boas práctica para a convocatoria de prazas de TNL, que está en proceso de elaboración).

En definitiva, desenvolveuse unha acción satisfactoria para, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Ábrese unha quenda de intervencións para comentar canto fose preciso da memoria presentada.

A asemblea agradécelle á presidenta e á directiva o esforzo e o traballo desenvolvido.

Vótase e apróbase por unanimidade o informe de xestión.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

Por ausencia da tesoureira, Queca Carballo, David Cobas expón o informe económico do período comprendido entre 17 de febreiro de 2016 e o 20 de xaneiro de 2017 ([Anexo 4](#)) e ábrese unha quenda de intervencións.

Desde tesouraría vólvese comentar que unha parte importante das comisións bancarias proceden dos gastos que implica pasar a cobrar a cotas das persoas que as teñen domiciliadas. Proponse que, para aforrar eses gastos de comisións, os socios e socias que o consideren paguen a cota a través dunha transferencia por medio da banca



electrónica, dado que isto non tería custo nin para os /as socios/as nin para a coordinadora.

Indícase tamén que a diferenza de 2.555,33 euros entre gastos e ingresos neste exercicio débese a que, tal como se acordara en asembleas anteriores, se investiu en normalización lingüística unha parte do superávit que ten a coordinadora.

A seguir vótase a aprobación do informe de contas de 2016 (desde o 17/02/2016 ao 20/01/2017) e apróbase por unanimidade.

5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción para o período interasemblembrar 2017-2018 (**Anexo 5**). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan ou aclaran algunhas das accións propostas.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o período interasemblembrar 2017 -2018.

6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2017 (**Anexo 6**), unha previsións que continúan na mesma liña que a de anos anteriores, e nas que se prevé seguir investindo en actividades de normalización lingüística parte do do superávit que ten a coordinadora.

Ao rematar a súa intervención ábrese unha quenda de debate na que ninguén toma a palabra. Vótase as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade de toda a asemblea.

7. Cambios de responsabilidades na Xunta Directiva

A presidenta, Anxos Sobriño, comenta que, por motivos persoais, a actual tesoureira Rebeca Carballo Coello deixará de ocuparse da tesouraría aínda que continúa como membro da directiva como vogal.

No seu lugar, a directiva propón que ocupe o cargo de tesoureiro David Cobas Medín.

Vótase este cambio de responsabilidades na Xunta Directiva e apróbase por unanimidade de toda a asemblea.

Así, a partir deste momento queda nomeado David Cobas Medín, con DI 44 823 453 H, como tesoureiro e Rebeca Carballo Coello como vogal da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

8. Rolda aberta de intervencións

Ábrese unha quenda de intervencións na que ninguén toma a palabra.

E sen máis asuntos que tratar, ás 14.15 h do sábado 11 de febreiro de 2017, a presidenta deu por rematada esta asemblea ordinaria, da que levanto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

Rosa Moreiras Cuñarro

Anxos Sobriño Pérez



LISTAXE DE ANEXOS

- **ANEXO 1:** Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2016
- **ANEXO 2:** Informe de altas e baixas de socios/as na Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) durante o período interasemblembr 2016-2017
- **ANEXO 3:** Informe - memoria de xestión da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) do período interasemblembr 2016-2017
- **ANEXO 4:** Informe económico da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2016 (desde o 17/02/2016 ao 20/01/2017)
- **ANEXO 5:** Propostas de acción da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para o período interasemblembr 2017-2018
- **ANEXO 6:** Previsións orzamentarias da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para 2017